

MEMORIA DE ALCALDÍA. ORZAMENTOS XERAIS 2016

O Orzamento Xeral do Concello de Lugo correspondente ao ano 2016 ascende, nivelado en gastos e ingresos, a 90.984.675,69 euros, o que supón unha cantidade similar á aprobada para o exercicio de 2015

O Orzamento do Concello de Lugo que se presenta para esta anualidade ten un elemento rector: apostar polo benestar social. Benestar entendido como todo tipo de políticas activas e con suficiente dotación económica para atender as necesidades dos lucenses nun contexto económico desfavorable. As institucións temos que ser capaces de texer unha rede de seguridade que axude aos cidadáns do Concello ante situacións de infortunio persoal e, esta proposta de Orzamento só é a plasmación numérica desta firme vocación política de servizo público.

1.- O eixe fundamental do Presuposto para 2016 é a inversión social.

Na anualidade 2016 recollemos o espírito de anteriores anos ampliando as partidas destinadas a paliar as situacións de emerxencia social. A situación económica segue a plantexar escenarios contrarios para moitas familias como indican todos os indicadores publicados no ámbito da microeconomía.

Por iso, este ano fíxose un aumento excepcional na partida de emerxencia social ampliándoa ata os 400.000 euros.

Independentemente da inversión programada en emerxencia social, o equipo de goberno é consciente de que as políticas públicas non poden ir só encamiñadas a protexer aos cidadanos que teñen caído en emerxencia social, senón que ademáis, requírese invertir, sendo incluso máis productivo, en partidas que eviten chegar a esa exclusión. Por iso, este ano tamén se teñen reforzado as axudas ao aluguer para poder dar cobertura económica a todas as peticións rexistradas no Concello de Lugo o pasado ano. Así, as axudas ao aluguer aumentanse ata alcanzar a cifra de 220.000 euros

INTERVENCIÓN

MRT/ccg

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Memoria Alcaldía ok.doc

Asunto: Memoria Alcaldía Pto. 2016

2.- Clara aposta polo emprego.

Todas as publicacións do CIS dende o inicio da crisis sitúan o emprego como o principal problema dos cidadáns. Calquera administración pública que queira ser útil ten que apostar por ser útil para solventar problemas dos administrados.

Seguindo esta máxima, e pese a non contar nesta anualidade co PLAN URBAN -finalizado con un éxito total de execución dos proxectos financiados con cargo a FONDOS FEDER-, tense presupostado por primeira vez un Plan de Emprego 100% municipal que ascende ata 1.150.000 euros, sen prexuízo da continuidade durante á anualidade 2016 dos proxectos do Programa URBAN cofinanciados pola Excma Deputación Provincial.

Seguindo co emprego, o equipo de goberno é consciente de que para mellorar as cifras de paro tamén hai que mellorar os perfis de empregabilidade. Por iso, aproveitando as potencialidades do noso Concello e o tecido empresarial propio, téñense establecido novas dotacións ás partidas de formación que realizará o CEI NODUS.

3.- O Turismo como elemento dinamizador da vida económico – social no Concello de Lugo.

Como se indicou dende o minuto cero da formación do novo goberno, neste mandato quérese apostar decididamente por posicionar a Lugo no mapa do turismo nacional e internacional.

Os elementos patrimoniais cos que contamos, propios dunha cidade bimilenaria e a exuberancia do seu contexto natural, fann que sexa obrigatoria inversión económica para acompañar as potencialidades naturais, cunha oferta cultural propia dunha cidade que quere seguir abrindo as súas murallas a todos os visitantes.

Por iso, neste proxecto de Presupostos queremos investir 576.486,36 €/ano para conseguir que os museos permanezcan abertos todos os días da semana.

Por outra banda, a declaración por parte da UNESCO do Camiño Primitivo como Patrimonio da Humanidade, reafirma a intención deste Equipo de Goberno de conseguir que Lugo sexa a porta de entrada do Camiño de Santiago. Para poñer en valor esta senda, é imprescindible consignar partidas que cofinancien con Europa, actuacións para recuperar, protexer e promocionar o Camiño Primitivo.

4. Proxectos Europeos: inversión en calidade de vida.

O contexto económico ten mermado a capacidade de inversión das entidades locais e ten feito que gran parte dos seus recursos se destinen a paliar situacións de emerxencia social. O proxectos de fondos europeos son agora, máis que nunca, imprescindibles para conseguir financiamento suficiente para emprender proxectos de humanización, que permitan recuperar para os lucenses, espazos públicos.

Por iso, este ano, incluímos a cantidade de 100.000 euros á espera de ser beneficiarios do Proxecto DUSI, adicado a incluír no Río Miño no día a día dos lucenses. Este ambicioso proxecto, busca integrar o río como elemento transversal na calidade de vida dos veciños e veciñas.

5. Inversións previstas para o ano 2016.

No ano 2016 prevése que as inversións que se realicen estean lexitimadas por medio das peticións que engadan os veciños e veciñas á Corporación Municipal. Por iso, novamente apóstase por dotar con 400.000 euros os Presupostos Participativos ao dar consignación a demandas reiteradas como a zona de baño público (40.000 euros) ou a humanización de Infanta Elena (800.000 euros), ampliación de Hortos Urbáns (60.000 euros)

INTERVENCIÓN

MRT/ccg

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Memoria Alcaldía ok.doc

Asunto: Memoria Alcaldía Pto. 2016

Partidas destacadas:

- Material para Policía Local (radioteléfonos e complementos): 240.000 euros
- Plan de señalización para convertir a Lugo en zona 30: 80.000 euros
- Bombeiros e P Civil 350.000
- Obras de saneamento 2.475.000 euros
- Iluminación urbana e rural: 227.000 euros
- Parques e xardíns 235.000 € euros
- Zona rural: 295.000 euros

Polo exposto, o Equipo de Goberno considera que queda demostrada a vontade de que este orzamento sexa un instrumento que mellore a vida dos veciños e veciñas de Lugo, manifestando e, consignando en partidas concretas as grandes liñas a desenvolver por este Goberno no presente mandato: benestar social e crecemento económico sustentable.

Lugo, 18 de marzo de 2013